

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 9 de agosto de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día nove de agosto do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente a Viceinterventora, *Susana Escaloni Varela*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34116.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de agosto de 2024.

2.34117.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA CALIDADE URBANA NA RUA BERNARDO SAGASTA” (Expte.2024001122)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 04/01/2024, mediante rexistro WEB2024000596, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de CUNTIS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 128.094,34 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da calidade urbana na Rúa Bernardo Sagasta*”, cuxo orzamento ascende 577.176,30 €, financiándose o importe restante ata completar o orzamento cunha axuda que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (DUS5000-IDAE) concedeu ao concello, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas €
2024	577.176,30	128.094,34	449.081,96 (DUS 5000 IDAE)

O orzamento de 577.176,30 € contempla 552.129,30 € de execución de obra, 12.705,00 € de redacción de proxecto, 9.438,00 € de dirección de obra e 2.904,00 € de coordinación de seguridade e saúde.

A subvención de 128.094,34 € financia 124.337,29 € de execución de obra, 1.905,75 € de redacción de proxecto, 1.415,70 € de dirección de obra e 435,60 € de coordinación de seguridade e saúde.

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade e cesión dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, achegando as autorizacións de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana precisas para a execución do investimento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27^a

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 30/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 31/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/08/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cuntis*, CIF: P3601500F, unha subvención por importe de 128.094,34 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da calidade urbana na Rúa Bernardo Sagasta*” (Expte.2024001122), cuxo orzamento ascende 577.176,30 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
2024	577.176,30	128.094,34	449.081,96 (DUS 5000 IDAE)	0,00

- O orzamento de 577.176,30 € contempla 552.129,30 € de execución de obra, 12.705,00 € de redacción de proxecto, 9.438,00 € de dirección de obra e 2.904,00 € de coordinación de seguridade e saúde.



- A subvención de 128.094,34 € financia 124.337,29 € de execución de obra, 1.905,75 € de honorarios redacción de proxecto, 1.415,70 € de honorarios de dirección de obra e 435,60 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.34118.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN CUNTIS 2023-2024. CAMIÑO DE ACCESO O NÚCLEO DISEMINADO DE BELAI E CAMIÑO DE A TOXEIRA-PIÑEIRO” (Expte. 2024022872)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022148, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Cuntis* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 67.355,86 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Plan de mellora de camiños rurais en Cuntis 2023-2024. camiño de acceso o nucleo diseminado de Belai e camiño de A Toxeira-Piñeiros*”, cuxo orzamento ascende 67.355,86 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	67.355,86	67.355,86	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, achegando a comunicación da declaración presentada ante Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..



- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 31/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 31/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 31/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cuntis*, CIF: P3601500F, unha subvención por importe de 67.355,86 € co obxecto do financiamento do investimento “*Plan de mellora de camiños rurais en Cuntis 2023-2024. camiño de acceso o núcleo diseminado de Belai e camiño de A Toxeira-Piñeiros*” (Expte. 2024022872), cuxo orzamento ascende 67.355,86€, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	67.355,86	67.355,86	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Cuntis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.34119.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O “FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2024”.
(Expte.2024000493)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2024, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2024.

Resultando que as bases reguladoras destas subvencións e o Extracto das bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 36 de data 20 de febreiro de 2024. Os concellos interesados nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 20 de marzo de 2024.

Resultando que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta, que se remite a Intervención, na que especifica que as solicitudes de 48 concellos compren os requisitos establecidos na base terceira das bases da presente convocatoria e dous concellos (Forcarei e Meaño) contestan ao requirimento de subsanación de documentación fóra de prazo.

Resultando que con data 31 de xullo de 2024 dende Intervención emiten informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das 48 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2024, e deixa constancia da existencia de crédito autorizado para facer fronte a este gasto (A nº 202400029874) por importe de 260.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 24/250.2315.462.01.

Resultando que o día 31 de xullo de 2024 reúnese a comisión de valoración para estudar os expedientes dos concellos presentados á convocatoria, admitíndose o total de 48 solicitudes.

Considerando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décimo quinta da convocatoria destas subvencións, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2024, a favor dos 48 concellos que a continuación se relacionan, por importe global de 260.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 24/250.2315.462.01, do vixente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

Nº	Cód. expediente	NIF/CIF	Terceiro extendido	Obxecto subvención	Importe asignado
1	2024018660	P3602000F	CONCELLO DE AGOLADA	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS NO I PLAN DE IGUALDADE	4.096,00 €
2	2024018909	P3600100F	CONCELLO DE ARBO	IGUALDINA E IGUALDINO EN ARBO	4.289,34 €
3	2024016591	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACION 8 M A IGUALDADE É A RAZÓN	5.953,20 €
4	2024012348	P3600200D	CONCELLO DE BARRO	ESPAZOS DE LECER CONCILIA 2024	6.000,00 €
5	2024019096	P3600400J	CONCELLO DE BUEU	CONCILIA BUEU 2024	5.389,18 €
6	2024018867	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	CALDAS: +IGUALDADE - VIOLENCIA 2024	6.000,00 €
7	2024018046	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	PROGRAMA DE FOMENTO DA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2024	5.279,19 €
8	2024019168	P3600700C	CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	PROGRAMA "CONCILIACIÓN+ 2024"	6.000,00 €
9	2024018596	P3600900I	CONCELLO DE CAÑIZA, A	TECENDO REDES CARA A IGUALDADE 2024	4.984,00 €
10	2024018341	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	2.100,00 €
11	2024018671	P3600048G	CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE	CERDEDO-COTOBADE A PROL DA IGUALDADE 2024	5.280,65 €
12	2024019128	P3601300A	CONCELLO DE COVELO	PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACION DE MEDIDAS PROPOSTAS POLO III PLAN MUNICIPAL	5.959,08 €



13	2024018894	P3601400I	CONCELLO DE CRECENTE	“EDUCANDO EMOCIÓN”, A MULLER DO RURAL COMO FACILITADORA DO CAMBIO”, “SEMENTES DE IGUALDAD	4.287,60 €
14	2024019322	P3601500F	CONCELLO DE CUNTIS	FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	3.629,44 €
15	2024012212	P3601600D	CONCELLO DE DOZON	DOZÓN POLA IGUALDADE, CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	4.179,36 €
16	2024017587	P3602100D	CONCELLO DE GONDOMAR	CIMENTANDO IGUALDADE, CAMIÑANDO CARA A IGUALDADE	3.442,50 €
17	2024018917	P3602200B	CONCELLO DE GROVE, O	PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN DA CIDADANÍA NA IGUALDADE DE XÉNERO	6.000,00 €
18	2024019090	P3602300J	CONCELLO DE GUARDA, A	PROXECTO IGUALANDO 2024	6.000,00 €
19	2024018674	P8600004I	CONCELLO DE ILLA DE AROUSA, A	ACTUACIÓN PARA FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	6.000,00 €
20	2024016482	P3602500E	CONCELLO DE LAMA, A	PROGRAMA CONCILIA A LAMA 2024	4.680,00 €
21	2024017571	P3602800I	CONCELLO DE MEIS	PROGRAMA “POLOS BOS TRATOS” EN RUTA CARA O BENESTAR: CONVIVENCIA SEN VIOLENCIA	6.000,00 €
22	2024019094	P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA	EDUCAR EN IGUALDADE 2024	6.000,00 €
23	2024019318	P3603000E	CONCELLO DE MONDARIZ	SEMENTANDO IGUALDADE 2024	6.000,00 €
24	2024019104	P3603100C	CONCELLO MONDARIZ BALNEARIO	PROXECTO PARA O DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS POLO II PLAN MUNICIPAL	5.954,99 €
25	2024017970	P3603200A	CONCELLO DE MORAÑA	PROGRAMA DE PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN COM. “ENCONTROS POLA IGUALDADE”	5.354,00 €
26	2024018591	P3603300I	CONCELLO DE MOS	TEATRO EN IGUALDADE	6.000,00 €



27	2024017577	P3603400G	CONCELLO DE NEVES, AS	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTA NO III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE	5.995,00 €
28	2024018865	P3603500D	CONCELLO DE NIGRAN	CHARLAS TEATRALIZADAS "A VIOLENCIA DE XÉNERO NOS VIDEOXOGOS	6.000,00 €
29	2024019095	P3603600B	CONCELLO DE OIA	SAÚDE FEMININA	3.446,08 €
30	2024018592	P3603700J	CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN	MULLERES EN REDE	5.989,87 €
31	2024014079	P3604100B	CONCELLO DE POIO	MULLERES QUE FAN POIO	6.000,00 €
32	2024015991	P3604300H	CONCELLO DE PONTE-CALDELAS	PROGRAMA CAPACITADAS 5ª EDICIÓN. PROGRAMA DE FORMACIÓN APODERAMENTO FEMININO PARA O EMPREG	6.000,00 €
33	2024018815	P3604400F	CONCELLO DE PONTECESURES	XÉNERO VERSOS	5.973,00 €
34	2024018801	P3604000D	CONCELLO DE PORTAS	CAMIÑANDO XUNT@S 2024	5.719,13 €
35	2024019124	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	RIBADUMIA CARA A IGUALDADE	5.444,17 €
36	2024018901	P3604700I	CONCELLO DE RODEIRO	EQUAL- CAMBA 2024	5.829,11 €
37	2024018895	P3604800G	CONCELLO DE ROSAL, O	SEXOCONSENTIDO - SEMENTEIRA DE IGUALDADE	5.965,00 €
38	2024018628	P3604900E	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASEL	5.554,15 €
39	2024018316	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	ELABORACION DO III PLAN DE IGUALDADE DE SALVATERRA DO MIÑO	4.839,26 €
40	2024015420	P3605100A	CONCELLO DE SANXENXO	QUÉROME, QUÉROTE: UNHA ACCIÓN FORMATIVA EDUCATIVA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	6.000,00 €
41	2024019143	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	PROXECTO MAIS VIOLETA	6.000,00 €
42	2024018627	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	PROXECTO ENREDADAS	6.000,00 €



43	2024019320	P3605400E	CONCELLO DE TOMIÑO	PROGR. ACCIÓN CULT. E EDUCATIVA PARA SENSIBILIZ., FOMENTO IGUALDADE E PREV. VIOLENC. 2024	6.000,00 €
44	2024019166	P3605500B	CONCELLO DE TUI	OBRADOIROS DE IGUALDADE PARA CENTROS EDUCATIVOS	6.000,00 €
45	2024019167	P3605600J	CONCELLO DE VALGA	PROXECTO DE INTERVENC. NO AMBITO EDUCATIVO SOBRE PREVENC. DA VIOLENCIA DE XENERO E SENSIBILIZACIÓN	5.056,70 €
46	2024019092	P3605800F	CONCELLO DE VILABOIA	VILAVERÁN CONCELLO DE VILABOIA 2024	6.000,00 €
47	2024018054	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO EN VILANOVA DE AROU	5.930,00 €
48	2024018800	P3605900D	CONCELLO VILA DE CRUCES	PROXECTO ENREDADAS	5.400,00 €

2. Desestimar as solicitudes, por contestar ao requirimento de subsanación fóra de prazo, dos seguintes concellos:

- Concello de Forcarei (CIF: P3601800J)
- Concello de Meaño (CIF: P3602700A)

5.34120.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-1002 A MAGDALENA-ALDÁN DENDE O P.Q.0+000 ATA O P.Q. 1+850”.
(Expte. 2023017076)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1002 Magdalena- Aldán, que transcorre polo Concello de Cangas. Trátase dunha estrada de lonxitude total de 4,723 km que mantén en toda a súa lonxitude dobre sentido de circulación cun carril por cada sentido.



O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Cangas, sendo o obxectivo principal de mellorar as condicións de seguridade e de mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil na estrada provincial EP-1002, entre os P.Q. 0+000 e 1+850.

O itinerario consta de 1850 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil, implantación de zonas de convivencia onde non é posible acadar ese largo mínimo, e mellora de varios servizos afectados pola execución das obras. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e sobre todo da mobilidade peonil.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	1.102.542,19 €
IVE 21%	231.533,86 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.334.076,05 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificado de acordo plenario para a aprobación do Convenio polo Concello (CSV: BWD7IUS3TSKJYC99).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

O convenio foi rexistrado na plataforma Cividas (Cod. nº 2024000180).

Existe proxecto supervisado pola Xefatura de Servizos Técnicos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (Proxecto CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48) e informe de supervisión (CSV: KXR0DXGXMKHG7PP4).

Existe informe de xustificación das porcentaxes de financiación incluídas no convenio da Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: 3VDS0QGVBH8EWTC0).

Existe informe de grado de prioridade da actuación da Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: FMYV5976DX4SFBA1).

Así menos consta no expediente Autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (CSV: PK5UI7GMQBE0B3VG).

Existe informe de Secretaría Xeral favorable (CSV: O7FMMG80RXOK5TCF).

Existe informe de Intervención favorable (CSV: 02VIFYJTK7561JDZ4)



Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinálase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.



- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Cangas* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.067.260,84 €	80
Concello de Cangas	266.815,21 €	20
Total obras	1.334.076,05 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do *Concello de Cangas* será de 266.815,21 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

Por dita achega do Concello, que supón un ingreso de dereito público, xerárase crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencia de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Cangas* co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 1002 A MAGDALENA – ALDÁN DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+850”.

REUNIDOS

Don Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

Dona Araceli Gestido Rodríguez, alcaldesa do Concello de Cangas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes reconécese con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).

II.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, facendo especial fincapé nos treitos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da LBRL e 81 da LALG, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da LBRL e os artigos 109 e 110 da LALG encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio.



V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1002 Magdalena – Aldán, que transcorre polo Concello de Cangas.

VI.- A E.P. 1002 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, con beiravías de escasa entidade, sen unha liña de peches definida e uniforme, e sen beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Cangas, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil na estrada provincial EP-1002, entre os P.Q. 0+000 e 1+850.

O itinerario consta de 1850 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil, implantación de zonas de convivencia onde non é posible acadar ese largo mínimo, e mellora de varios servizos afectados pola execución das obras. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e sobre todo da mobilidade peonil.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas para a execución do proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)".

O proxecto pretende a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dunha senda peonil, a implantación de zonas de convivencia onde non é posible acadar ese largo mínimo e mellora de varios servizos afectados pola execución das obras.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a un millón cento dous mil cincocentos corenta e dous euros con dezanove céntimos (1.102.542,19€), máis douscentos trinta e un mil cincocentos trinta e tres euros con oitenta e seis céntimos (231.533,86€) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de un millón trescentos trinta e catro mil setenta e seis euros con cinco céntimos (1.334.076,05 €).



Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cangas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>1.067.260,84 €</i>	<i>80</i>
<i>Concello de Cangas</i>	<i>266.815,21 €</i>	<i>20</i>
TOTAL OBRAS	1.334.076,05 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02. do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Cangas será de 266.815,21 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Cangas obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*



3) *Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería e mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*

4) *Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*

- Estrada provincial E.P. 1010 Acceso á Praia de Liméns.

5) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 2, 3 e 4 desta cláusula.*

6) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*

2) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*

3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Cangas faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*



Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Luis López Diéguez*

*Polo Concello de Cangas,
Araceli Gestido Rodríguez
O Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



6.34121.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRA A DEPUTACION DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5005 DENDE O PQ 11+980 AO PQ 12+550”. (Expte. 2024045922)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 5005 A Cañiza-Pousa (PO-400), que transcorre polos *Concellos da Cañiza e Crecente*, e ten unha lonxitude total de 13.204 metros. Está categorizada como rede complementaria no catálogo de estradas provinciais.

A E.P. 5005, que conecta o centro da Cañiza con Crecente, é de dobre sentido de circulación e sección variable. A zona de actuación abrangue dende o P.Q. 11+980 ata o P.Q. 12+550, treito no que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para mellorar a mobilidade peonil, de xeito que se xere un itinerario peonil seguro que comunique o núcleo de Crecente co entorno do núcleo da Ponte Ribadil e a residencia de mulleres con discapacidade.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 5005 dende o pq. 11+980 ao pq. 12+550”, no termo municipal de Crecente.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	201.639,16 €
IVE 21%	42.344,22 €
Presuposto base de licitación con IVE	243.983,38 €



2.- Aprobación municipal:

Consta no expediente certificación da aprobación do Convenio polo Concello (CSV: ZKTCEHCTAS1D3P5M).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

O convenio foi rexistrado na plataforma Cividas (Cod. nº2024000198).

Existe proxecto supervisado pola Xefatura de Servizos Técnicos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (Proxecto CSV: EK8O6MESER6RXTBR) e informe de supervisión (CSV: 59NURS0E55OVR50).

Existe informe de xustificación das porcentaxes de financiación incluídas no convenio e do grado de prioridade da actuación da Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: 5QISFQTTI6LWFE1R).

Consta no expediente informe favorable de Secretaría (CSV: OMJ0YZEB2ASSF27A)

Consta no expediente informe favorable de Inteverción (CSV : XMMUHV3JSLCYPCF)

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Crecente mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	195.186,70 €	80
Concello de Crecente	48.796,68 €	20
Total obras	243.983,38 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.



A achega do Concello de Crecente será de 48.796,68 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan + Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLE establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.



O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Crecente* co seguinte contido.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 5005 DENDE O PQ 11+980 AO PQ 12+550. CONCELLO DE CRECENTE”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Julio César García-Luengo Pérez, alcalde do Concello de Crecente, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes reconécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.



MANIFESTAN

I.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 5005 A Cañiza-Pousa (PO400), que transcorre polos Concellos da Cañiza e Crecente, e ten unha lonxitude total de 13.204 metros. Está categorizada como rede complementaria no catálogo de estradas provinciais.*

VI.- *A E.P. 5005, que conecta o centro da Cañiza con Crecente, é de dobre sentido de circulación e sección variable. A zona de actuación abrangue dende o P.Q. 11+980 ata o P.Q. 12+550, treito no que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para mellorar a mobilidade peonil, de xeito que se xere un itinerario peonil seguro que comunique o núcleo de Crecente co entorno do núcleo da Ponte Ribadil e a residencia de mulleres con discapacidade.*

O proxecto desenvólvese na súa integridade no concello de Crecente, sendo o obxecto principal do mesmo a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación. Para acadar tal fin, as actuacións consisten na execución dunha senda pola marxe esquerda da estrada principal entre os P.Q. 11+980 e 12+280. Entre os P.Q. 12+280 e 12+380, o itinerario peonil executarase no treito antigo da estrada e entre o 12+380 e o final da actuación, a senda transcorrerá de novo pola marxe esquerda da estrada principal. Procederase á redución da velocidade do tráfico rodado e á execución de varios pasos de peóns sobreelevados.

O proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede de pluviais, rede de alumeadado, así como pintado e sinalización.



VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Crecente para a execución do proxecto de obras de "Mellora da mobilidade peonil na EP 5005 dende o PQ 11+980 ao PQ 12+550".

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación, conseguida mediante a execución dunha senda peonil pola marxe esquerda da estrada e polo treito antigo existente na zona e mediante a redución de velocidade e colocación de varios pasos de peóns sobreelevados. Ademais, o proxecto contempla a renovación da rede de pluviais, a canalización da rede de alumeado e colocación de luminarias nos pasos de peóns, etc.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a douscentos un mil seiscientos trinta e nove euros con dezaseis céntimos (201.639,16 €), máis corenta e dous mil trescentos corenta e catro euros con vinte e dous céntimos (42.344,22 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total douscentos corenta e tres mil novecentos oitenta e tres euros con trinta e oitos céntimos (243.983,38 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Crecente mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	195.186,70 €	80
Concello de Crecente	48.796,68 €	20
TOTAL OBRAS	243.983,38 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Crecente será de 48.796,68 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberáselle ingresar á Deputación á formalización do convenio.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda.



Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Crecente obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
- Treito antigo de 125 metros lineais situado no PQ 12+290 (marxe esquerda) da EP 5005 A Cañiza-Pousa (PO-400)*
- 5) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 3 e 4 desta cláusula.*
- 6) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*



Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico de “Mellora da mobilidade peonil na EP 5005 dende o PQ 11+980 ao PQ 12+550 (Concello de Crecente)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Crecente faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, a alcaldesa ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.



Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local - Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.
- E demais normativa de obrigado cumprimento

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Luis López Diéguez

Polo Concello de Crecente,
Julio César García-Luengo Pérez

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

7.34122.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2024052458)

Vista a relación de facturas con número 2024052458, que contén 6 facturas e por un importe de 15.681,36 € e con CSV: 9GKZGYQUZNR29B9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 01/08/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	15.681,36 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	15.681,36 €



8.34123.- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR DEMORA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE 546 ORDENADORES PORTÁTILES ESTÁNDAR, COAS OPCIONS: SISTEMA OPERATIVO, LTE E DOCKING STATION, NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022. LIÑA 4. FONDOS NEXT GENERATION EU”. (Expte.2023064654)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2023, adxudicou o contrato de “*Subministración de 546 ordenadores portátiles estándar (cas opcións: Sistema Operativo, LTE e Docking Station) no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU)*”, como contrato baseado no Lote 4 do “Acordo Marco 02/2020 para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

O contrato adxudicouse á empresa HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. (CIF: B28260933) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo sen IVE: 406.567,98 €
IVE (21%): 85.379,28 €
Prezo total: 491.947,26 €

Prazo de execución: 30 días naturais, contados desde a adxudicación do contrato.

O acordo de adxudicación notificouse á adxudicataria o 15 de xaneiro de 2024 (NOT2024000906), e publicouse no perfil do contratante, integrado na plataforma de contrato do sector público, con data 14 de xaneiro de 2024, e no Diario Oficial da Unión Europea, con data 15 de xaneiro de 2024.

Visto que, con data 17 de maio de 2024, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías e responsable do contrato, informa que a empresa entregou os ordenadores, con rato e maletín, os días 13 e 14 de marzo de 2024, e os *docking station* o día 8 de maio de 2024. Mostra conformidade co material recibido, pero manifesta que houbo retraso por parte da empresa contratista, sendo a data máxima de entrega o día o 14 de febreiro de 2024.

En base ao exposto, propón a imposición das penalidades previstas na cláusula 31.16.B do prego administrativo do Acordo marco, na proporción de 0,60 euros diarios por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído (0,6x406x83 días= 20.218,80€).

Visto que, mediante Resolución Presidencial número 2024004718, do día 6 de xuño de 2024, acordouse iniciar o expediente para a imposición de penalidades por demora, concedéndolle audiencia. As penalidades establecéronse na proporción 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato, desde a data máxima de entrega ata a data de recepción completa do material (0,6x406x83 días= 20.218,80 euros).

Visto o escrito de alegacións da empresa contratista (Rex. WEB2024041283, de 20/06/2024).



De conformidade co informe da responsable do contrato, de data 12 de xullo de 2024 (CSV: EOBMB6S16SO2W5N1), que, en relación ás alegacións formuladas pola empresa, manifesta o seguinte:

“No documento de alegacións se centra na problemática no retraso no subministro das docking stations, pero non se pode esquecer que os 546 ordenadores portátiles con rato e maletín tamén foron entregados con retraso (13 e 14 de marzo) cando o prazo máximo de entrega era o 14 de febreiro de 2024.

- *Desde a Deputación enténdese que non existe mala fe por parte de HP Printing and Computing Solutions pero existe un retraso evidente na entrega que puido comprometer a execución dun proxecto con financiamento europeo, onde estaba integrada esta contratación, con consecuencias graves.*
- *Consta no expediente o compromiso HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. de entrega do subministro no prazo de 30 días naturais.*
- *Pola explicación feita no apartado b) das alegacións de HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. da a sensación mais dun fallo de coordinación interno, xa que informan da escaseza de compoñentes un día antes de que expirase o período de entrega do subministro (13 de febreiro).*
- *Non consta no expediente ningunha solicitude de ampliación do prazo máximo de entrega por parte do adxudicatario segundo a cláusula 9 do PCAP do AM 02/2020*

En conclusión, por todo o anterior descrito existe un retraso evidente na entrega do subministro contratado, que as comunicacións internas se realizaron con retraso afectando ao resultado final, que dada a citada situación de retraso non se solicitase unha ampliación do prazo máximo de entrega fai que se considere manter a proposta de imposición da correspondente penalización, segundo a cláusula 31.16.B do PCAP do AM 02/2020”.

Tendo en conta o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que: *“O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de, declarar a súa responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato”.*

Tendo en conta o artigo 191 da LCSP, que establece que: *”Nos procedementos que se instrúan (...) deberá darse audiencia o contratista (...) previo informe do servizo xurídico correspondente”*

Tendo en conta o artigo 193 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece o seguinte:

“1. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

2. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

3. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.(...)”



Tendo en conta o artigo 194.2 da LCSP, que establece que as penalidades “*se imporán por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato no caso de que se designara, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non podan deducirse dos mencionados pagos*”.

Tendo en conta o artigo 113.2 da LCSP, segundo o cal cando a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades ás que esta afecta, a Administración procederá ao cobro da diferenza mediante o procedemento administrativo de apremio, de conformidade co establecido nas normas de recadación.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 30 de xullo de 2024.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de Subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar as alegacións formuladas pola empresa HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. (CIF: B28260933) contra a Resolución Presidencial número 2024004718, do día 6 de xuño de 2024, pola que se inicia o procedemento de imposición de penalidades por demora na execución do contrato de “*Subministración de 546 ordenadores portátiles estándar (cas opcións: Sistema Operativo, LTE e Docking Station) no marco do PRTRcompoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU)*”, polos motivos expostos no informe do responsable do contrato de data 12 de xullo de 2024 (CSV: EOBMB6S16SO2W5N1).
2. Impor á empresa HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. (CIF: B28260933) penalidades por demora polo importe de 20.218,80 €, calculadas, conforme ao previsto na cláusula 31.16.B do prego administrativo do Acordo marco, na proporción de 0,60 € diarios por cada 1.000 € do prezo do contrato, IVE excluído, desde a data máxima de entrega ata a data de recepción completa do material.

O importe da penalidade farase efectivo por retención dos pagamentos pendentes de abonar, e, senón é posible, da garantía definitiva. No suposto de non poder efectuarse por ningunha desas vías, ou de ser insuficientes, procederase ao seu cobro mediante o procedemento administrativo de apremio, de conformidade co establecido nas normas de recadación.



9.34124.- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR DEMORA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE 93 ORDENADORES PORTÁTILES SUPERIOR, NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022. LIÑA 4. FONDOS NEXT GENERATION EU”. (Expte 2023064666)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2023, adxudicou o contrato de “Subministración de 93 ordenadores portátiles superior no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da ORDE TER836/2002, Liña 4 (Fondos Next Generation EU)”, como contrato baseado no Lote 5 do “Acordo Marco 02/2020 para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

O contrato adxudicouse á empresa HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. (CIF: B28260933) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo sen IVE: 83.851,59 €
IVE (21%): 17.608,83 €
Prezo total: 101.460,42 €

Prazo de execución: 30 días naturais, contados desde a adxudicación do contrato.

O acordo de adxudicación notificouse á adxudicataria o 15 de xaneiro de 2024 (NOT2024000917), e publicouse no perfil do contratante, integrado na plataforma de contrato do sector público, con data 15 de xaneiro de 2024.

Visto que, con data 17 de maio de 2024, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías e responsable do contrato, informa que a empresa entregou os ordenadores, con rato e maletín, o día 8 de marzo de 2024, e os docking station o día 8 de maio de 2024. Mostra conformidade co material recibido, pero manifesta que houbo retraso por parte da empresa contratista, sendo a data máxima de entrega o día o 14 de febreiro de 2024.

En base ao exposto, propón a imposición das penalidades previstas na cláusula 31.16.B do prego administrativo do Acordo marco, na proporción de 0,60 euros diarios por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído ($0,6 \times 83 \times 83$ días = 4.133,40€).

Visto que, mediante Resolución Presidencial número 2024004713, do día 6 de xuño de 2024, acordouse iniciar o expediente para a imposición de penalidades por demora, concedéndolle audiencia. As penalidades establecéronse na proporción 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato, desde a data máxima de entrega ata a data de recepción completa do material ($0,6 \times 83 \times 83$ días = 4.133,40€).



Visto o escrito de alegacións da empresa contratista (Rex. WEB2024041276, de 20/06/2024).

De conformidade co informe da responsable do contrato, de data 12 de xullo de 2024 (CSV: EESZE8XZ9YEOKD5D), que, en relación ás alegacións formuladas pola empresa, manifesta o seguinte:

- *“No documento de alegacións se centra na problemática no retraso no subministro das docking stations, pero non se pode esquecer que os 546 ordenadores portátiles con rato e maletín tamén foron entregados con retraso (8 de marzo) cando o prazo máximo de entrega era o 14 de febreiro de 2024.*
- *Desde a deputación enténdese que non existe mala fe por parte de HP Printing and Computing Solutions pero existe un retraso evidente na entrega que puido comprometer a execución dun proxecto con financiamento europeo, onde estaba integrada esta contratación, con consecuencias graves.*
- *Consta no expediente o compromiso HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. de entrega do subministro no prazo de 30 días naturais.*
- *Pola explicación feita no apartado b) das alegacións de HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. da a sensación mais dun fallo de coordinación interno, xa que informan da escaseza de compoñentes un día antes de que expirase o período de entrega do subministro (13 de febreiro).*
- *Non consta no expediente ningunha solicitude de ampliación do prazo máximo de entrega por parte do adxudicatario segundo a cláusula 9 do PCAP do AM 02/2020.*
- *En conclusión, por todo o anterior descrito existe un retraso evidente na entrega do subministro contratado, que as comunicacións internas se realizaron con retraso afectando ao resultado final, que dada a citada situación de retraso non se solicitase unha ampliación do prazo máximo de entrega fai que se considere manter a proposta de imposición da correspondente penalización, segundo a cláusula 31.16.B do PCAP do AM 02/2020”.*

Tendo en conta o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que: *“O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de, declarar a súa responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato”.*

Tendo en conta o artigo 191 da LCSP, que establece que: *”Nos procedementos que se instrúan (...) deberá darse audiencia o contratista (...) previo informe do servizo xurídico correspondente”*

Tendo en conta o artigo 193 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece o seguinte:

“1. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

2. A constitución en moura do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.



3. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.(...)”

Tendo en conta o artigo 194.2 da LCSP, que establece que as penalidades “se imporán por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato no caso de que se designara, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non podan deducirse dos mencionados pagos”.

Tendo en conta o artigo 113.2 da LCSP, segundo o cal cando a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades ás que esta afecta, a Administración procederá ao cobro da diferenza mediante o procedemento administrativo de apremio, de conformidade co establecido nas normas de recadación.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 30 de xullo de 2024.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de Subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar as alegacións formuladas pola empresa HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. (CIF: B28260933) contra a Resolución Presidencial número 2024004713, do día 6 de xuño de 2024, pola que se inicia o procedemento de imposición de penalidades por demora na execución do contrato de “*Subministración de 93 ordenadores portátiles superior no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da ORDE TER836/2002, Liña 4 (Fondos Next Generation EU)*”, polos motivos expostos no informe do responsable do contrato de data 12 de xullo de 2024 (CSV: EESZE8XZ9YEOKD5D).
2. Impor á empresa HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. (CIF: B28260933) penalidades por demora polo importe de 4.133,40 €, calculadas, conforme ao previsto na cláusula 31.16.B do prego administrativo do Acordo marco, na proporción de 0,60 € diarios por cada 1.000 € do prezo do contrato, IVE excluído, desde a data máxima de entrega ata a data de recepción completa do material.

O importe da penalidade farase efectivo por retención dos pagamentos pendentes de abonar, e, senón é posible, da garantía definitiva. No suposto de non poder efectuarse por ningunha desas vías, ou de ser insuficientes, procederase ao seu cobro mediante o procedemento administrativo de apremio, de conformidade co establecido nas normas de recadación.



10.34125.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO LOTE Nº1 DO CONTRATO. PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS E DISPOSITIVOS PARA O RECICLAXE DE RESIDUOS ESPECIAIS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL II), PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS 2023 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS, COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU”. (Expte 2023066084)

Na sesión ordinaria do día 1 de marzo de 2024 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o lote nº1 do contrato de subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de industria, comercio e turismo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationeu. empresa BAYGAR S.L. (B-12019659) polos prezos e valores ofertados segundo constan no citado informe.

O contrato formalizouse en documento administrativo con data 22/03/2024.

O punto 6 do prego de cláusulas administrativas particulares establece que “O prazo de execución é de 5 meses, contados a partir da data de formalización do contrato. Dito prazo finaliza o día 21/08/2024.

Con data 24/07/2004 a empresa contratista solicita mediante rexistro WEB2024048605 a ampliación do prazo de execución do lote 1 do citado contrato. Segundo consta na documentación aportada que consta no expediente (*informe, nota de pedido e albarás de entrega*), con data 30/04/2024 a empresa contratista realizou o pedido e aínda que o prazo de entrega dos contedores iglu oval 3000 estaba prevista entre o 26 e 31 de agosto foron entregados pola empresa subministradora á empresa contratista a principios do mes de xullo de 2024 ao igual que os contedores de recollida traseira. Non obstante, os contedores de carga lateral oval 3000 cuxa entrega estaba prevista entre o 5 e o 10 de xuño foise demorando no tempo debido a problemas co subministro, en concreto ferraxes e accesorios metálicos necesarios para finalizar a fabricación dos mesmos.

En consecuencia, produciuse un retraso de mes e medio na entrega do subministro non imputable á empresa contratista derivado dos problemas de subministro de determinados compoñentes do contedor iglu oval 3000 que foron demorando a súa fabricación, estimando a empresa subministradora a súa entrega á empresa contratista a mediados de agosto. E, tras a entrega, a empresa contratista procederá ao subministro aos distintos concellos precisando ata o 30 de setembro.

O artigo 195 da LCSP establece en relación coa resolución por demora e ampliación do prazo de execución dos contratos que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederá dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso foi producido por motivos imputables ao contratista.



Visto o informe emitido con data 26/07/2024 pola responsable do contrato que informa que “Tendo en conta o prazo do contrato e que o subministro de un dos contedores estase a demorar polas circunstancias antes formuladas pola empresa, e ante a aprobación da correspondente prórroga polo citado Ministerio que permite executar sen maior incidencia o contrato de referencia, propónse ampliar o prazo de execución en un mes e medio (ata o 30 de setembro de 2024) polas circunstancias antes comentadas non sendo imputables á empresa contratista.”

Visto así mesmo o informe conxunto do Servizo de contratación, da Secretaría e da Intervención de data 02/08/2024 que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución ata o 30 de setembro de 2024.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a ampliación do prazo de execución do lote nº1 do contrato de subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo *Ministerio de industria, comercio e turismo* no marco do *Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationeu* subscrito coa empresa BAYGAR S.L. (B-12019659) ata o 30 de setembro de 2024.

11.34126.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS III: PROXECTO 1.- EDIFICIO CASA DO CONCELLO DE FORCAREI. PROXECTO 4.- EDIFICIOS CASA DO CONCELLO, CENTRO DE SAÚDE E ALBERGUE DO CONCELLO DE DOZÓN”. (EXPTE. 2023030782.-LOTE 1). (Exppte 2023030782)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20/10/2023, adxudicou á empresa Setga, S.L.U. (CIF:B36699064) o lote 1 do contrato de “Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia que inclúe os seguintes proxectos: Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei e Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón” do contrato de subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións solares fotovoltaicas sostibles II.



Visto que con data 14/11/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e Setga SLU (CIF:B36.699.064), o contrato administrativo correspondente.

Visto que con data 12/04/2024 se asina a acta de comprobación de replanteo que marca o inicio das obras, tendo como prazo de execución máximo de 4 meses, rematando este o 12/08/2024.

Visto que con data 23/07/2024, Setga SLU solicita mediante instancia xenérica con rexistro WEB2024048257 a suspensión temporal do contrato por causa de forza maior, debido a imposibilidade de acceso ás seguintes instalacións: “Casa do Concello”, situada en Avda. Méd. Fernando Martínez Iglesias, 1, 36518 Dozón (Pontevedra) e “Centro de Salud”, situada Avda. Méd. Fernando Martínez Iglesias, 1, 36518 Dozón (Pontevedra) dende o día 22 de xullo de 2024.

Visto que con data 23/07/2024 se asina a acta de paralización das obras polo director de obra César del Río Tapias e do representante de SETGA SLU, Manuel Fernández Rascado.

Visto que con data 24/07/2024 a Xefa do servizo de cooperación emite informe mediante o que solicita a suspensión do contrato indicando o seguinte:

“Por todo o exposto, comunícase ao Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio a acta de suspensión do:

Lote 1 “Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I:

- Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do concello do Forcarei.*
- Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón*

Dende o Servizo de Cooperación enténdese que as instalacións municipais teñen un aumento de usuarios no período estival e a obra supón un impedimento para o seu uso, polo tanto, o motivo da suspensión non é imputable ao contratista e é acorde os feitos acontecidos. A empresa, nestas circunstancias, ao non ter acceso as instalacións, tivo unha alteración grave dos prazos do plan de traballo. Segundo o exposto solicítase que se procedan cos trámites de suspensión dos proxectos indicados que durará o mínimo indispensable e finalizará no momento en que o Concello de Dozón permita o acceso ás instalacións á empresa contratista.”

Tendo en conta o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), que no seu primeiro parágrafo establece que *“dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.”*

Tendo en conta o artigo 208.1 da LCSP, que establece que: *“(…) se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel (…)”*.



Tendo en conta que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).* 2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén asinada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...*”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión da execución das obras de “*Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei. Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón*” (lote 1 do contrato 2023030782), con efectos desde a data de sinatura da acta de paralización o 23/07/2024 e ata que se solucionen as causas que deron lugar a suspensión da execución do contrato e se asine a correspondente acta de inicio.

12.34127.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024 (NÚM. 2.33994), NO QUE SE CONCEDEU UNHA SUBVENCIÓN Á ASOC. CURTAS FILM FEST PARA A REALIZACIÓN DO “CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO 2024”, POR MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO. (Expte. 2024030345)

No acordo núm. 2.33994 adoptado pola Xunta de Goberno de 5 de xullo de 2024 no que se aprobou a concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para apoiar o desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2024, concedeuse unha subvención á *Asociación Curtas Film Fest do Concello de Vilagarcía de Arousa* (CIF: G-94137379) por importe de 17.770,70 € sobre un orzamento de 77.000,01 € (co IVE), do que solicitaban a cantidade de 20.000,00 €, para a realización do “Curtas Festival do Imaxinario 2024”. Con data 22 de xullo de 2024 e núm. rexistro WEB2024048054 a referida entidade presenta unha instancia xenérica na que achegan un novo orzamento por un importe de 75.300,03 € (co IVE) por un axuste orzamentario para que se teña en conta no momento da xustificación da axuda que se lle concedeu.



Visto o informe favorable de intervención para levar a cabo dita modificación, con CSV: UHF3AL4DBL2ZR40S, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade modificar dito acordo no sentido de onde figura: “orçamento 77.000,01 €” debe figurar “orçamento 75.300,03 €”, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

13.34128.- MODIFICACIÓN DAS “BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2024”, APROBADAS EN XUNTA DE GOBERNO DE 19/07/2024 (Acordo nº 2.34047). (Expte.2024024462)

I.- ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 19 de xullo de 2024 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito estatal para o ano 2024 que foron publicadas no BOPPO nº 143, de 23 de xullo de 2024.

Segundo.- Advírtese o seguinte erro xa que senso onde di:

Na base 3ª. Modalidades deportivas e competicións oficiais obxecto de subvención:

As modalidades deportivas e competicións oficiais obxecto de subvención clasifícanse, para os efectos destas bases, da seguinte forma:

- *Competicións de nivel 1:*

- *Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de liga por equipos (con 5 ou máis deportistas no espazo de competición).*
- *Con xornadas de ida e volta.*
- *Con ascensos e descensos de nivel segundo o regulamento de competición.*

*(*Inclúese a categoría previa á absoluta na modalidade de fútbol)*

Nivel 1-A	
Baloncesto	LEB Ouro e Liga Feminina Challenge
Fútbol	2.ª RFEF Feminina
Fútbol sala	2.ª división nacional masculina
Hóckey sobre patíns	OK Liga feminina e masculina
Voleibol	Superliga feminina e masculina

Nivel 1-B	
Baloncesto	LEB Prata e Liga Feminina 2
Balónmán	División de prata masculina e División de honra ouro feminino
Fútbol	3.ª RFEF masculina e feminina
Fútbol sala	2.ª división nacional B masculina e 2.ª división nacional feminina
Hóckey sobre patíns	OK Liga prata feminina e masculina
Béisbol	Spanish Baseball League



<i>Sóftbol</i>	<i>Spanish Softball League</i>
<i>Rugby</i>	<i>División de honra feminina e masculina</i>
<i>Voleibol</i>	<i>Superliga 2 feminina e masculina</i>
<i>Wáter-polo</i>	<i>División de honra feminina e masculina</i>

<i>Nivel 1-C</i>	
<i>Baloncesto</i>	<i>EBA e 1.ª nacional feminina</i>
<i>Balonmán</i>	<i>1.ª división masculina e División de honra prata feminina</i>
<i>Béisbol</i>	<i>Liga nacional de béisbol 1.ª división</i>
<i>Fútbol</i>	<i>División de honra xuvenil</i>
<i>Fútbol sala</i>	<i>3.ª división nacional masculina</i>
<i>Hóckey sobre patíns</i>	<i>OK Liga bronce feminina e masculina</i>
<i>Sóftbol</i>	<i>Liga nacional de sóftbol masculino 1.ª división</i>
<i>Rugby</i>	<i>División de honra B feminina e masculina</i>
<i>Voleibol</i>	<i>1.ª división feminina e masculina</i>
<i>Wáter-polo</i>	<i>1.ª división nacional masculina e feminina</i>

- *Competicións de nivel 2:*

- *Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de liga por equipos (con 4 ou menos deportistas no espazo de competición).*
- *Con ascensos e descensos de nivel segundo o regulamento de competición.*

<i>Nivel 2-A</i>	
<i>Bádminton</i>	<i>Primeira ouro/Primeira prata</i>
<i>Billar</i>	<i>División de honra</i>
<i>Bowling</i>	<i>División de honra feminina e masculina</i>
<i>Esgrima</i>	<i>División de ouro (espada, sable ou florete)</i>
<i>Tenis de mesa</i>	<i>División de honra feminina e masculina</i>
<i>Ximnasia</i>	<i>1.ª división da Liga Iberdrola GR e 2.ª división da Liga Iberdrola GR</i>

<i>Nivel 2-B</i>	
<i>Atletismo</i>	<i>Liga de clubs de primeira división feminina e masculina</i>
<i>Bádminton</i>	<i>Primeira bronce</i>
<i>Billar</i>	<i>1.ª división</i>
<i>Bowling</i>	<i>1.ª división masculina</i>
<i>Esgrima</i>	<i>División de prata (espada, sable ou florete)</i>
<i>Orientación</i>	<i>1.ª división de orientación a pé</i>
<i>Tenis de mesa</i>	<i>1.ª división feminina e masculina</i>
<i>Vólei praia</i>	<i>Liga nacional de vólei praia</i>
<i>Ximnasia</i>	<i>3.ª división da Liga Iberdrola GR</i>



- *Competicións de nivel 3:*

- *Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de ranking ou clasificación final individual ou por equipos.*
- *Incluídas nun calendario oficial da tempada da que resulte o ranking ou clasificación final.*

*(*As entidades deberán acreditar unha participación mínima)*

<i>Nivel 3-A</i>	
<i>Ciclismo</i>	<i>Copa de España en ruta elite/sub-23 (deberase acreditar a participación nun mínimo de 5 probas puntuables da Copa de España 2024. A certificación terá que asinala a Real Federación Española de Ciclismo).</i>

<i>Nivel 3-B</i>	
<i>Ciclismo</i>	<i>Elite/sub-23 na modalidade de estrada, BTT XCO ou XCM ou ciclocrós (deberase acreditar a alta do equipo elite/sub-23 na Real Federación Española de Ciclismo e a participación dun mínimo de 3 corredores elite/sub-23 nun mínimo de 5 probas puntuables no calendario estatal, das cales tres delas deben ser fóra da comunidade autónoma galega. Non se terá en conta as probas que non figuren no ranking publicado da Real Federación Española para esas categorías. A certificación presentarse no momento da xustificación e terá que asinala a Real Federación Española de Ciclismo). A continuación establécense as competicións que se poden certificar:</i>
<i>Modalidade de estrada:</i>	<i>Clase: 1.12.1/1.12.2/1.12.4/1.12.5 Clase:1.13.5/2.13.1 Clase: 2.12.1/2.12.2 Clase: 1.15.1/1.15.2/1.15.5</i>
<i>Modalidade BTT:</i>	<i>Clase: H.1/H/K.1/K/Ku.1/Ku</i>
<i>Modalidade de ciclocrós:</i>	<i>Clase: C1/C2/1.33.1/1.33.2/1.33.4</i>
<i>Outras modalidades deportivas</i>	<i>O resto de clubs deportivos deberán acreditar a súa participación con 3 deportistas en categoría absoluta nun mínimo de 5 competicións de ámbito estatal ou internacional fóra da comunidade autónoma galega incluídas no devandito calendario. A certificación presentarse no momento da xustificación e terá que asinala a federación correspondente.</i>



Estas competicións deberán estar incluídas nos calendarios oficiais aprobados polas diferentes federacións para a tempada 2023/2024 ou 2024.

Poderanse incorporar novas modalidades e competicións de ámbito estatal; o servizo instructor realizará cantas comprobacións sexan necesarias para certificar o ámbito da devandita competición coa federación correspondente e establecerá o grupo e o nivel que lle corresponda.

Debe dicir:

Na base 3.^a Modalidades deportivas e competicións oficiais obxecto de subvención:

As modalidades deportivas e competicións oficiais obxecto de subvención clasifícanse, para os efectos destas bases, da seguinte forma:

- *Competicións de nivel 1:*
 - *Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de liga por equipos (con 5 ou máis deportistas no espazo de competición).*
 - *Con xornadas de ida e volta.*
 - *Con ascensos e descensos de nivel segundo o regulamento de competición.*

(*Inclúese a categoría previa á absoluta na modalidade de fútbol)

Nivel 1-A	
Baloncesto	LEB Ouro e Liga Feminina Challenge
Fútbol	2. ^a RFEF Feminina
Fútbol sala	2. ^a división nacional masculina
Hóckey sobre patíns	OK Liga feminina e masculina
Voleibol	Superliga feminina e masculina

Nivel 1-B	
Baloncesto	LEB Prata e Liga Feminina 2
Balónmán	División de prata masculina e División de honra ouro feminino
Fútbol	3. ^a RFEF masculina e feminina
Fútbol sala	2. ^a división nacional B masculina e 2. ^a división nacional feminina
Hóckey sobre patíns	OK Liga prata feminina e masculina
Béisbol	Spanish Baseball League
Sóftbol	Spanish Softball League
Rugby	División de honra feminina e masculina
Voleibol	Superliga 2 feminina e masculina
Wáter-polo	División de honra feminina e masculina



<i>Nivel 1-C</i>	
<i>Baloncesto</i>	<i>EBA e 1.ª nacional feminina</i>
<i>Balonmán</i>	<i>1.ª división masculina e División de honra prata feminina</i>
<i>Béisbol</i>	<i>Liga nacional de béisbol 1.ª división</i>
<i>Fútbol</i>	<i>División de honra xuvenil</i>
<i>Fútbol sala</i>	<i>3.ª división nacional masculina</i>
<i>Hóckey sobre patíns</i>	<i>OK Liga bronce feminina e masculina</i>
<i>Sóftbol</i>	<i>Liga nacional de sóftbol masculino 1.ª división</i>
<i>Rugby</i>	<i>División de honra B feminina e masculina</i>
<i>Voleibol</i>	<i>1.ª división feminina e masculina</i>
<i>Wáter-polo</i>	<i>1.ª división nacional masculina e feminina</i>

- *Competicións de nivel 2:*

- *Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de liga por equipos (con 4 ou menos deportistas no espazo de competición).*
- *Con ascensos e descensos de nivel segundo o regulamento de competición.*

<i>Nivel 2-A</i>	
<i>Atletismo</i>	<i>Liga de clubs de primeira división feminina e masculina</i>
<i>Bádminton</i>	<i>Primeira ouro/Primeira prata</i>
<i>Billar</i>	<i>División de honra</i>
<i>Bowling</i>	<i>División de honra feminina e masculina</i>
<i>Esgrima</i>	<i>División de ouro (espada, sable ou florete)</i>
<i>Tenis de mesa</i>	<i>División de honra feminina e masculina</i>
<i>Ximnasia</i>	<i>1.ª división da Liga Iberdrola GR e 2.ª división da Liga Iberdrola GR</i>

<i>Nivel 2-B</i>	
<i>Bádminton</i>	<i>Primeira bronce</i>
<i>Billar</i>	<i>1.ª división</i>
<i>Bowling</i>	<i>1.ª división masculina</i>
<i>Esgrima</i>	<i>División de prata (espada, sable ou florete)</i>
<i>Orientación</i>	<i>1.ª división de orientación a pé</i>
<i>Tenis de mesa</i>	<i>1.ª división feminina e masculina</i>
<i>Vólei praia</i>	<i>Liga nacional de vólei praia</i>
<i>Ximnasia</i>	<i>3.ª división da Liga Iberdrola GR</i>



- *Competicións de nivel 3:*

- *Modalidades deportivas nas que a competición de categoría absoluta ou sénior se establece en formato de ranking ou clasificación final individual ou por equipos.*
 - *Incluídas nun calendario oficial da tempada da que resulte o ranking ou clasificación final.*
- (*As entidades deberán acreditar unha participación mínima)*

<i>Nivel 3-A</i>	
<i>Ciclismo</i>	<i>Copa de España en ruta elite/sub-23 (deberase acreditar a participación nun mínimo de 5 probas puntuables da Copa de España 2024. A certificación terá que asinala a Real Federación Española de Ciclismo).</i>
<i>Nivel 3-B</i>	
<i>Ciclismo</i>	<i>Elite/sub-23 na modalidade de estrada, BTT ou ciclocrós (deberase acreditar a alta do equipo elite/sub-23 na Real Federación Española de Ciclismo nun mínimo de 5 probas puntuables no calendario estatal, das cales tres delas deben ser fóra da comunidade autónoma galega. Non se terá en conta as probas que non figuren no ranking publicado da Real Federación Española para esas categorías. A certificación presentarse no momento da xustificación e terá que asinala a federación).</i>
<i>Outras modalidades deportivas</i>	<i>O resto de clubs deportivos deberán acreditar a súa participación con 3 deportistas en categoría absoluta nun mínimo de 5 competicións de ámbito estatal ou internacional fóra da comunidade autónoma galega incluídas no devandito calendario. A certificación presentarse no momento da xustificación e terá que asinala a federación correspondente.</i>

Estas competicións deberán estar incluídas nos calendarios oficiais aprobados polas diferentes federacións para a tempada 2023/2024 ou 2024.

Poderanse incorporar novas modalidades e competicións de ámbito estatal; o servizo instructor realizará cantas comprobacións sexan necesarias para certificar o ámbito da devandita competición coa federación correspondente e establecerá o grupo e o nivel que lle corresponda.

II.- FUNDAMENTOS:

O art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) establece que as administracións poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



A maiores, a xurisprudencia vén esixindo que o obxecto da rectificación sexa unha simple equivocación elemental, tal como un nome, unha data ou mesmo unha operación aritmética como é o caso que nós ocupa e que quede patente da documentación que obra no expediente de maneira clara, patente e ostensible. É dicir, ten que ser algo evidente, manifesto que non plantexe dúbidas sen necesidade de que se teñan que acudir a unha interpretación normativa que conleve a unha modificación do acto administrativo ditado.

O erro material que pode resumirse ou compendiarse do seguinte modo: o erro material ou de feito caracterízase por ser ostensible, manifesto e indiscutible, implicando, por si só, a evidencia do mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos, e exteriorizándose "prima facie" pola súa soa contemplación (*fronte ao carácter de cualificación xurídica, seguida dunha declaración baseada nela, que ostenta o erro de dereito*), polo que, para poder aplicar o mecanismo procedimental de rectificación de erros materiais ou de feito, requírese que concorran, en esencia, as seguintes circunstancias: que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas, ou transcripcións de documentos, que o erro se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirta, que sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables, que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos, que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (*pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica*), que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión, e que se aplique con profundo criterio restritivo.

Considerando ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar a base 3ª nos termos anteriormente sinalados.

14.34129.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DOS PRAZOS DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA SUBDIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN E COMPETITIVIDADE TURÍSTICA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "TOURIST INSIDE II" (Expte.2022041840)

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. O 12 de xaneiro de 2022 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* (BOE) número 10 a Orde ICT/1527/2021, de 30 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, e procédese á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. A liña de axudas que se regula por esta orde incardínase no Compoñente 14 do Plan de recuperación, denominado Plan de modernización e competitividade do sector turístico, cuxo obxectivo é desenvolver unha plataforma intelixente de destino que dote de interoperabilidade a oferta de servizos públicos e privados ao turista. Dentro deste compoñente, encaixaría no investimento 2, Programa de dixitalización e intelixencia para destinos e sector turístico, que ten por obxecto implementar actuacións de impulso da dixitalización dos destinos turísticos e das empresas turísticas.



SEGUNDO. En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou o 10 de xuño de 2022 o proxecto “Tourist Inside II” á citada convocatoria para continuar co obxectivo de seguir dándolles resposta ás necesidades de dixitalización e modernización dos destinos turísticos intelixentes da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes e complementar o labor iniciado neste punto no proxecto “Tourist Inside ”. Para continuar avanzando na transformación da provincia de Pontevedra como destino turístico intelixente, fomentando a interoperabilidade dos datos turísticos con distintas administracións e axentes e promovendo o acceso transparente e universal aos datos públicos dos servizos (tanto para a súa consulta coma para a súa reutilización) por parte da cidadanía, visitantes, profesionais e empresas, coas seguintes actuacións:

- Contido semántico sobre novos produtos turísticos aliñados co Plan estratéxico 2021-2023.
- Asistentes conversacionais e *chatbots* na web de Turismo.
- Dixitalización de sete oficinas de turismo da rede INFORIASBAIXAS.
- Sinalética dixital no destino que facilite o acceso á información e á interacción coas e cos turistas.
- *Chatbots* ao servizo da interacción coas e cos turistas en destino e integrados na aplicación e tótems.
- Gamificación no destino Rías Baixas.
- Mellora da explotación do *data lake* de datos turísticos e integración de fontes IoT.
- Ferramenta dixital que mellore a xestión de fluxos, o control de capacidade e o distanciamento social nas oficinas INFORIASBAIXAS e no castelo de Soutomaíor.
- Mapas dixitais en tempo real coa información meteorolóxica de estacións de medición e monitoraxe dos niveis de contaminación e calidade do aire.
- Sistema de alertas asociado a mapas de ruído.
- Formación e capacitación das e dos xestores do destino no uso de novas tecnoloxías e ferramentas dixitais.
- Diagnóstico e boas prácticas de ciberseguridade.

TERCEIRO. O 16 de marzo de 2023 a Subdirección Xeral de Cooperación e Competitividade Turística do Ministerio de Industria e Turismo remite unha notificación da proposta de resolución provisional de concesión de axudas do Programa de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes na que se propón a axuda solicitada á convocatoria á Deputación de Pontevedra e iníciase o trámite de alegacións por un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación.

CUARTO. O 21 de abril de 2023 a Subdirección Xeral de Cooperación e Competitividade Turística do Ministerio de Industria e Turismo notificou a proposta de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Tourist Inside” cun orzamento financiable por un importe de 429.000,00 € e 300.300,00 € de subvención proposta.



QUINTO. O 18 de decembro de 2023 a Subdirección Xeral de Cooperación e Competitividade Turística do Ministerio de Industria e Turismo notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Tourist Inside II” cun orzamento financiable por un importe de 429.000,00€ e 300.300,00 € de subvención, cuxa distribución das achegas é a seguinte:

Distribución da achega	Orzamento
Achega do Ministerio	300.300,00 €
Achega da Deputación de Pontevedra (30 % do orzamento financiable + IVE)	218.790,00 €
TOTAL	519.090,00 €

SEXTO. O 28 de decembro de 2023 publícase no BOE o Real decreto lei 8/2023, de 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da seca. Na súa disposición adicional segunda recóllese a “ampliación de prazos de execución de determinadas axudas convocadas para o sector turístico, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia”. Destacando no seu apartado 1.c que quedarán ampliados os prazos de execución e xustificación e comprobación das actuacións financiables, así como os previstos nas resolucións de concesións das axudas xa outorgadas, correspondentes, entre outras, á Orde ICT/1527/2021, de 30 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, e procédese á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Os referidos prazos de execución ampliáanse ata o 30 de setembro de 2024. Os de xustificación e comprobación ampliáanse ata tres meses despois do vencemento do prazo anterior.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto 2568/86, de 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación coas competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia, atenderase á seguinte normativa:

- Orde ICT/1527/2021, de 30 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, e procédese á súa convocatoria, correspondente ao exercicio 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



- Orde ICT/414/2022, de 9 de maio, pola que se modifican as ordes ICT/1519/2021, ICT/1527/2021 e ICT/1528/2021, de 30 de decembro, polas que se aproban as bases reguladoras de axudas e subvencións no ámbito turístico, e procédese a convocalas en 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Real decreto lei 8/2023, de 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da seca.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia.
- Real decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, polo que se establece o procedemento e formato da información que proporcionarán as entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, de acordo co Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.
- Real decreto lei 8/2023, de 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da seca (disposición adicional segunda).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. Que a liña de axudas que se regula por esta orde incardínase no Compoñente 14 do Plan de recuperación, denominado Plan de modernización e competitividade do sector turístico, Investimento 2, Proxecto 1 (medida C14I21), cuxo obxectivo é desenvolver unha plataforma intelixente de destino (PID) que dote de interoperabilidade a oferta de servizos públicos e privados á ou ao turista. Isto complementarase co desenvolvemento dun sistema de intelixencia turística e dun conxunto de iniciativas para impulsar a Rede Española de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI). Contribúe á consecución do fito 222 da Decisión CID, cuxa descrición literal é “Posta en marcha da Plataforma Intelixente de Destino no sector turístico”, que supón a implementación e desenvolvemento dunha plataforma intelixente de destino plenamente operativa, ao apoiar proxectos innovadores desenvolvidos por entidades locais pertencentes á Rede de Destinos Turísticos Intelixentes que alimentarán a dita plataforma e que se poñerán á disposición das e dos turistas e do sector, cuxo prazo finaliza no segundo trimestre de 2025, de acordo co anexo da Proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España efectuado por Bruxelas o 16 de xuño de 2021.



SEGUNDO. Que, o 20 de marzo de 2024, a Deputación Provincial de Pontevedra solicita a modificación da desagregación do importe total subvencionado das distintas categorías de gastos e expón que con base nas actuacións executadas e debido ao curto prazo de execución desde a resolución definitiva de concesión, xa que, unha vez redactados os pregos das diferentes actuacións e determinado o alcance destas, para o cumprimento dos indicadores e obxectivos sinalados no proxecto presentado á convocatoria, se comprobaron certas marxes de diferenza entre os orzamentos iniciais establecidos e os prezos de mercado, necesarios para darlles cabida ás actuacións pretendidas.

TERCEIRO. Que a Deputación Provincial de Pontevedra recibe unha resolución de modificación da concesión o 28 de maio de 2024 e procede así á tramitación dos expedientes de procedementos abertos que foron adxudicados nos últimos días cun prazo de execución ata o 30 de setembro. Outros procedementos quedaron desertos e estase procedendo de novo á súa licitación.

Aínda así, as dificultades atopadas no proceso de execución en tempo e forma do proxecto concedido, comúns e contrastadas con outras entidades beneficiarias desta convocatoria, motivan de forma reiterada a solicitude de ampliación do prazo de execución e xustificación:

- A complexidade dos expedientes de contratación das actuacións incentivadas debido a licitacións suxeitas a regulación harmonizada e a regras especiais de tramitación
- O volume e diversidade de expedientes de contratación que se tramitan en paralelo nos diferentes subproxectos relacionados cos fondos Next Generation nas entidades beneficiarias someten a unha carga inusual de traballo aos servizos de Contratación e Intervención, o cal se reflicte no seu tempo de tramitación
- A volatilidade das ofertas sobre as licitacións en curso en ámbitos tecnolóxicos concretos que fan que os orzamentos e as consideracións iniciais non se cumpran nunha ampla marxe —tanto en exceso coma en defecto—, polo que é necesario mover partidas orzamentarias para compensar e chegar á plenitude do incentivo recibido
- A importancia da execución dos proxectos subvencionados para proxectar os resultados sobre os destinos turísticos membros da Rede de Deputación Provincial de Destinos Turísticos Intelixentes, o sector empresarial, o turista conectado e o sector tecnolóxico dixital como unha forza consubstancial á evolución do sistema turístico español, así como a continuidade destes proxectos nas futuras execucións solicitadas ás axudas para o despregamento de plataformas tecnolóxicas e solucións dixitais no destino da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes contempladas na Orde ITU/1423/2023, de 29 de decembro modificada pola Orde ITU/537/2024, de 28 de maio.



CUARTO. Que procede motivar de novo a solicitude de modificación da Resolución da Subdirección Xeral de Cooperación e Competitividade Turística por ampliación do prazo de execución ata o 31 de marzo de 2025 e o prazo de xustificación ata o 30 de xuño de 2025, debido á complexidade técnica e ás circunstancias conxunturais que poden afectar considerablemente ao prazo de execución dos proxectos, que abordan áreas tan esenciais coma a interoperabilidade ou a dixitalización dos servizos públicos, ao atoparse o prazo solicitado dentro das condicións esixidas no fito 222 da Condición CID, motivos comúns e compartidos cun gran número de entidades beneficiarias da Orde ICT/1527/2021, de 30 de decembro.

A devandita solicitude reflicte as condicións de prórroga expostas na resolución definitiva de concesión notificada á Deputación de Pontevedra o 18 de decembro, onde se sinala que: “*As circunstancias específicas que poden dar lugar á modificación da resolución de concesión son (...) A prórroga do prazo de execución dos proxectos ou accións con carácter xustificativo non poderá ser superior a seis meses desde a data de fin do prazo inicial de execución de actuacións*”.

En virtude do exposto, con base nos antecedentes, a normativa aplicable e os fundamentos xurídicos e tratamento técnico, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar á Subdirección Xeral de Cooperación e Competitividade Turística a ampliación dos prazos de execución e xustificación da subvención concedida para a execución do proxecto “*Tourist Inside IP*”, ata o 31 de marzo e 30 de xuño de 2025, respectivamente.

15.34130.- APROBACION E DECLARACIÓN DE ABOO DOS “PREMIOS DA COPA DE FÚTBOL DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024”. (Expte.2024022959)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024.

Segundo.- Con data 04/04/2024 a Vicepresidenta Segunda da inicio ao expediente para a tramitación do “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024*”.

Terceiro.- En data 05/04/2024 informase por parte do servizo de Deportes da memoria xustificativa da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.

Cuarto.- Por parte da Intervención fiscalízase de xeito favorable con data 09/04/2024

Quinto.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12/04/2024 e núm. 2.33628 aprobou o “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024*”, publicándose no BOPPO núm. 75 de 17/04/2024.



Sexto.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 19/04/2024 e núm. 37.33689 aprobou a “*Modificación puntual do acordo adoptado en XG de data 12/04/2024, núm. 2.33628 polo que se aprobaba o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024*”.

Sétimo.- Con data 06/08/2024 por parte do servizo de Deportes emítase informe-proposta dos premios pola participación dos clubs deportivos na Copa Deputación de Pontevedra 2024, xunto coas relacións de equipos participantes masculinos e femininos.

Oitavo.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 06/08/2024.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
- Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

Por outra banda, no seu artigo 51 ás federacións deportivas galegas coma entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón que entre os seus obxectivos esta o de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva en exclusividade, neste sentido a Lei confírelle ás federacións funcións delegadas públicas de carácter administrativo que se recollen no artigo 56, entre estas funcións podemos destacar a de colaborar coas administracións públicas na promoción das súas respectivas modalidades e a de organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.

A mencionada Lei, define no seu artigo 19 as competicións oficiais de ámbito autonómico coma as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito competencial e no seu apartado 2 indica que estas serán organizadas pola correspondente federación deportiva galega de forma directa.

Quinto.- No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte proposta de acordo á Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión e declarar de aboamento as relacións de premios, por importe de 114.050,00€, dos cales 90.600,00 € corresponden á participación de 124 clubs deportivos na competición masculina e 23.450,00€ corresponde á participación de 21 clubs deportivos na competición feminina, e que figuran nas relacións que se achegan cos seguintes CSV, respectivamente: 43HWEHS9IJ9F56UQ e 4RCBN4NDDJ0ZV7P4.

16.34131.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.34132.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

18.34133.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

